

**Expediente n.º:** 61/2024.

**Documento de formalización do contrato.**

**Procedemento:** Contrato de subministro por procedemento aberto simplificado abreviado (156.9 LCSP).

**Asunto:** Adquisición dun vehículo con plataforma elevadora.

**Documento asinado:** Alcaldía; Secretaría; Representante da empresa.

### **DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Dunha parte, D. Emilio Luís Díaz Vidal, Alcalde-Presidente do Concello de Melón con NIF 32449443P, asistido pola Secretaria da Corporación D. Alexia Montero Fernández que da fe do acto.

Doutra parte D. Iván Miguelez Pardellas, con NIF 44480491D, en representación da empresa Minero Conforex, S.L., CIF B32383762, con domicilio a efectos de notificación en Lugar A Ibia s/n, Melón, Ourense, CP 32411, correo electrónico [mineroconforex@gmail.com](mailto:mineroconforex@gmail.com)

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do seguinte contrato:

<b>Tipo de contrato</b>	Contrato de subministro
<b>Obxecto do contrato</b>	Adquisición dun vehículo con plataforma elevadora
<b>Procedemento de contratación</b>	Aberto simplificado sumario
<b>Tipo de tramitación</b>	Ordinaria
<b>Código CPV</b>	34142100
<b>Valor estimado do contrato</b>	22.204,80 euros
<b>Orzamento Base de Licitación (I.V.E. Excluído)</b>	22.204,80 euros

<b>I.V.E. (21%)</b>	<b>4.663,01 euros</b>
<b>Orzamento Base de Licitación con I.V.E.</b>	<b>26.867,81 euros</b>
<b>Duración da execución</b>	<b>21 días</b>

A adxudicación foi aprobada por Resolución de Alcaldía de data 27/08/2024, segundo se desprende dos seguintes

#### ANTECEDENTES

<b>Documento</b>	<b>Data</b>
Memoria xustificativa da necesidade	30/07/2024
Providencia de Alcaldía	30/07/2024
Informe xurídico	30/07/2024
Resolución de Alcaldía	30/07/2024
Informe-Proposta aprobación pregos	30/07/2024
Informe de intervención	30/07/2024
Resolución de Alcaldía aprobación pregos	30/07/2024
Prego de cláusulas administrativas particulares	30/07/2024
Prego de prescricións técnicas	30/07/2024
Anuncio de licitación	31/07/2024
Resolución de Alcaldía designación dos membros da mesa e convocatoria	30/07/2024
Acta da celebración da mesa de contratación	23/08/2024
Informe proposta de resolución	27/08/2024
Informe de intervención	27/08/2024

Sendo acordado por ambas partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente contrato de subministro, o formalizan a través do presente documento administrativo con arranxo ás seguintes

### **CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.** Minero Conforex, S.L., a través do seu representante, se compromete á realización das seguintes prestacións:

O contrato de subministro ten por obxecto a adquisición dun vehículo seminovo que conte cunha plataforma elevadora co detalle establecido no Prego de Prescricións Técnicas.

As necesidades a satisfacer son as derivadas das materias nas que o Concello de Melón exerce a súas competencias segundo o recollido no art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, concretamente a protección da salubridade pública e a protección do medio ambiente.

En todo caso se deberá respectar o disposto no prego de cláusulas administrativas, no de prescricións técnicas así como o resto da documentación contractual, aceptando o adxudicatario, incondicionalmente e sen reserva algunha o disposto en tal documentación o queda acreditado a través do presente acto.

**SEGUNDO.** O prezo do contrato, I.V.E. incluído, é de 26.867,81 euros.

**TERCEIRO.** O prazo de execución do contratista inicial era de 30 días, sen embargo, e como fixo constar o adxudicatario este se rebaixará a 21 días a partir do seguinte á sinatura do presente documento.

**CUARTO.** Minero Conforex, S.L., a través do seu representante, Iván Miguelez Pardellas, presta a súa conformidade ao Prego de condicións que é documento contractual asinándoo no presente acto e se somete, para todo o non establecido nos pregos ao disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e ao Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. O presente contrato está sometido á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos. Supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Do presente contrato se expiden dous exemplares a un único efecto.

En Melón, na data de sinatura dixital.

O Alcalde-Presidente,

Emilio Luís Díaz Vidal.

Firmado por \*\*\*\*4944\*\*  
EMILIO LUIS DIAZ (R:  
\*\*\*\*4700\*) el día  
29/08/2024 con un  
certificado emitido por AC  
Representación

A Secretaria-Interventora interina.

Alexia Montero Fernández.

Firmado por MONTERO  
FERNANDEZ ALEXIA -  
\*\*\*2439\*\* el día  
29/08/2024 con un  
certificado emitido por  
AC FNMT Usuarios

O adxudicatario,

Iván Miguelez Pardellas.

Firmado  
digitalmente  
IVAN  
MIGUELEZ  
(R:  
B32383762)  
IVAN MIGUELEZ  
(R: B32383762)  
Fecha:  
2024.08.28  
10:30:50 +02'00'